



ÍNDICE:

1. -Primeiros pasos acceso a Eva- Edixgal.
2. - Acceso á asignatura dentro do entorno Eva-Edixgal.
3. - Darlle formato a nosa asignatura.
4. - Incorporar libro, recursos, actividades as distintas seccións.
5. - Darlle ou recuperar credenciais do alumnado.
6. - Traballo en Eva -Offline.

Os **pasos básicos** para traballar con Edixgal cos nenos na clase son os seguintes. Unha vez que estamos dados de alta en Xade e se volcan os datos do profesorado e alumnado en Edixgal, xa podemos traballar dende a seguinte ruta:

i- Primeiros pasos acceso a Eva- Edixgal.

1- Accedemos á web do noso Instituto:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieseduardoblancoamor/>

ii- Acceso á asignatura dentro do entorno Eva-Edixgal.

2- Na zona esquerda hai o acceso á Aula Virtual e Eva Edixgal:

<https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>

O acceso faise con usuario e contrasinal.



O entorno ao que accedemos nos vai permitir entrar na barra esquerda a varias posibilidades:

Símbolo hamburguesa, fai que apareza ou non o contido de abaixo.



Sempre hai que dirixirse : As miñas materias.

iii-Darlle formato a nosa asignatura.

Unha vez que xa están cargados os cursos aos que accedemos e tamén temos rexistrados os nosos alumnos, non temos que facelo nós.

Qué podemos facer? Cómo empezar a traballar?

1- Podemos configurar a nosa materia por Temas..., xa que somos administradores do noso curso en Editar a configuración. Esta pestana aparece a dereita superior.




Para a xente que traballa coa Aula Virtual é moi similar.

2- Podemos aumentar a nosa mochila dixital, ademáis de aportar o libro, de xeito que cando remate o curso podemos descargalo no noso ordenador e poder incorporalo o vindeiro curso agás o libro seleccionado. (hai máis casos excepcionais dentro deste tema).

iv- Incorporar libro, recursos, actividades as distintas seccións

3- Cando accedemos a nosa materia podemos ver na parte superior a editoriais que temos no entorno Edixgal, agás Aula Planeta e Smart Class, que están cando engades Actividades e Recursos e sempre descargase a versión do profe e do alumno. En calquer caso farase unha selección do material que queremos descargar e logo indicar o lugar onde o vamos a colocar.



Estructura da materia por seccións.

Onde podemos ver os recursos/libros

As editoriais:

[illegible]


Finalmente cando acabemos de facer esa selección iremos a parte de abaixo do libro e vamos a darlle a **SINCRONIZAR**, para incorporar eses datos á clase. Tedes que ter en conta que os alumnos ao mellor non poden ver ese material por estar **agochado para os alumnos**, tés que revisalo.

Ademáis podes completar todo iso engadindo Actividades e Recursos cando aplicas no símbolo



Activar edición.

v. Xestión das credenciais dos alumnos, esto é os datos de usuario e a contrasinal do alumnado, e así poder entrar a primeira vez e logo modificar a contrasinal e se a esquecen nós podes indicarlle a que teñen nos datos e logo que a modifiquen. Todos esos datos de cambio de contrasinal quedan rexistrados mediante es



Credenciais do alumnado

▼ Filtros

Centro

Grupo

Materia

Filtrar

Vaciar Filtros

Cando Filtramos

- **Nome e apelidos:** nome
- **Usuario:** nome de usuari
- **Acceso provisional:**
 - Aparece a clave de a requirirase que camb
 - Aparece ***** ca
- **Centro:** centro do/a alum
- **Grupo:** grupo ao que per
- **Materia:** materia do/a alu
- **Acción:** Restaurar crede
novo unha clave de acce
cambie o contrasinal.
- **Histórico:** nesta columna

Nome	Apelidos	Usuario	Clave de acceso Prov.	Centro	Grupo	Materia	Acción	Histórico
[REDACTED]	[REDACTED]	eda0003153	*****	15017107 - CEIP da Ramalloza	5º A	Ciencias da Natureza	Restaurar credenciais	
[REDACTED]	[REDACTED]	eda0003169	*****	15017107 - CEIP da Ramalloza	5º A	Ciencias da Natureza	Restaurar credenciais	
[REDACTED]	[REDACTED]	eda0003170	*****	15017107 - CEIP da Ramalloza	5º A	Ciencias da Natureza	Restaurar credenciais	

Temos que darlle a ACCIÓN en restaurar credenciais.

Os alumnos poderán entrar e poñer de novo un cambio de contrasinal e esperamos que se lembre a próxima vez.


vi- Eva Offline

É unha aplicación que está no equipo do alumnado e mediante esta poderán os alumnos aínda que non dispoñan de conexión a Internet acceder aos contidos que contiñan dende a última vez que accederon a Internet e de paso poderán a libros, e exercicios etc.

É imprescindible que o equipo do alumno se conecte en Eva online antes de facelo en Eva Offline.



Abrirase unha ventá onde terán que volver a poñer as credenciais para que EVA- Offline conecte coa plataforma on-line e sincronice os datos curso nos que estamos matriculados e as asignaturas. O aspecto persoal coa foto de perfil e na parte da dereita indicará dúas cousas.



 = Indica que actualmente EVA Offline está conectado

 = Indica que actualmente EVA Offline está desconectado

Cando cheguen a clase terán feitos os exercicios pero en Offline e unha vez que atopen Wifi xa se pasan a Online.